

Xelís encontra a botella

[É unha mañá de brétema. Xelís, un neno que vive na illa de Otilc, distingue entre as pedras da costa unha botella especial.]

Así e todo, saltar saltaba á vista que se trataba dun obxecto fóra do común. A maioría das botellas que chegaban á costa eran de cor transparente con papeis esbrancuxados no seu interior. Algunhas gardaban garabatos, outras aparecían coa tinta esborrachada, as máis orixinais ocultaban papeis de cores ou de xornal, e algunhas incluían lenzos con pinturas maxestosas. Unha vez atopara un artefacto aboiando do tamaño dun balón de fútbol que contiña no seu interior unha colección de selos. Noutra ocasión, o que semellaba un simple bote de refresco gardaba unha partitura para orquestra realmente fabulosa. Mais aquela botella aparecida na regaña



Andrés Meixide

máis pequerrecha da Punta de Bruaboi non tiña nada que ver coas capturas habituais. Ía Xelís cismando nas súas cousas, arrastrando a súa perna cantareira polos penedos, cando escoitou un son raro. Toc toc toc! Non era un clinc clinc clinc. Nin tampouco un chof chof chof. Era talmente coma se uns cotenos petasen nunha porta. Como cando a avoa chamaba para cear. [...]

O pequeno descendeu de cachas pola pedra. [...] Logo, estendeu e zorregou a corda cun movemento tan preciso que enganchou o lazo nun dos pés da botella. Tirou amodiño. Parecelle que mesmo se lle resistía, pero iso só llo pareceu. Con moita delicadeza empurrouna pola rocha arriba, sentindo cada rabuñadura no granito coma se fose unha coitelada no corazón. Abofé que era unha botella moi sensible.

—Non sei se nos levaremos ben ti e mais eu —fungou o Xelís, nada dado ás mexericadas.

Cando por fin chegou ás súas mans, a botella queimaba e Xelís proferiu un berro. Non se sabe se foi de dor ou de fascinación porque, cantas veces collestes unha botella do mar que queimase? Para el era a primeira, e estaba claro que algo significaba. Gardouna no tramallo cun chisco de agarimo e moita, moitísima curiosidade. Non llo contaría a ninguén polo momento.

Unha mensaxe viaxeira

Agora escribe ti a túa mensaxe viaxeira. Debes **incluír** a seguinte información:

- A quen queres enviarlla? Quen cres que a recollerá?
- En que lugar do mundo pode aparecer? E que cousas atopará polos océanos?
- Que tes ganas de contar, sabendo que pode chegar ou non a algures?

Emprega **6 liñas**.

Coida a túa **ortografía e presentación**.



LUGAR E DATA DE ENVÍO:

.....

BENQUERIDA/O

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

